

Selección de textos: “Nietzsche e os feminismos”

Texto 1:

[...] la causa de la génesis de una cosa y la utilidad final de ésta, su efectiva utilización e inserción en un sistema de finalidades, son hechos *toto coelo* [totalmente] separados entre sí, que algo existente, algo que de algún modo ha llegado a realizarse, es interpretado una y otra vez por un poder superior a ello, en dirección a nuevos propósitos, es apropiado de un modo nuevo, es transformado y adaptado a una nueva utilidad; que todo acontecer en el mundo orgánico es un subyugar, un enseñorearse, y que, a su vez, todo *subyugar* y *enseñorearse* es un reinterpretar, un reajustar, en los que, por necesidad, el “sentido” anterior y la “finalidad” anterior tienen que quedar oscurecidos o incluso totalmente borrados. [...] la historia entera de una “cosa”, de un órgano, de un uso, puede ser así una ininterrumpida cadena indicativa de interpretaciones y reajustes siempre nuevos, cuyas causas no tienen siquiera necesidad de estar relacionadas entre sí, antes bien a veces se suceden y se relevan de modo meramente casual. El “desarrollo” de una cosa, de un uso, de un órgano es, según esto, cualquier cosa antes de un *progressus* hacia una meta, y menos aún un progreso lógico y brevísimo, conseguido con el mínimo gasto de fuerza y costes, - sino la sucesión de procesos de avasallamiento más o menos profundo, más o menos independientes entre sí, que tienen lugar en la cosa, a lo que hay que añadir las resistencias utilizadas en cada caso para contrarrestarlos, las metamorfosis intentadas con una finalidad de defensa y de reacción, así como los resultados de contraacciones afortunadas. La forma es fluida, pero el “sentido” lo es todavía más...¹

Texto 2:

O programa do feminismo non é deses onde poidamos asumir un conxunto común de premisas e logo proceder a construír un programa dende elas como fan os lóxicos. Pola contra, estamos ante un movemento que avanza precisamente ao prestar atención crítica ás premisas nas que se apoia, nun esforzo por aclarar o seu significado e comezar a negociar as interpretacións en conflito, a irremediábel cacofonía da súa identidade.

Como iniciativa democrática, o feminismo tivo que abandonar a presunción de que na base podemos estar todas de acordo sobre certas cousas ou, que ben sendo o mesmo, aceptar a noción de que cada un dos nosos valores máis prezados pode ser discutido e que continuará a haber espazos políticos en disputa. Poida que isto soe como se estivese dicindo que nunca haberá nada sobre o que construír o feminismo, que este se perderá nunha reflexión sobre si mesmo, que nunca irá máis aló dese momento reflexivo cara a un compromiso activo co mundo. Xusto ao revés, pois precisamente esas formas de disensión interna xorden no curso de prácticas políticas comprometidas. E eu diría enfaticamente que resistir o desexo de resolver esa disensión nunha unidade é precisamente o que mantén vivo o movemento.²

Texto 3:

Este libro requiere tal vez más de *un* prefacio; y aún así, subsistiría la duda de que mediante prefacios sea posible aproximar la experiencia de este libro a quien no ha experimentado nada parecido. [...] Fluye de él sin cesar la gratitud, como si acabase de acontecer lo más inesperado, la gratitud de un convaleciente - pues ese acontecimiento más inesperado ha sido la *curación*. “Gaya ciencia” significa esto las saturnales de un espíritu que ha soportado pacientemente una larga y terrible presión – paciente, severamente, fríamente, sin desmayos, mas sin esperanza -, y al que invade de golpe al esperanza, la esperanza de la salud, la embriaguez de la *curación*.

[...]

- Mas dejemos al señor Nietzsche; ¿que nos importa que el señor Nietzsche se haya curado?... El

1 Nietzsche, F.: *La genealogía de la moral*. Madrid, Alianza, 1983;p. 87-89-

2 Butler, J.: “The End of Sexual Difference?”, en *Undoing Gender*. New York, Routledge, 2004: p. 175. [*Deshacer el género*. Barcelona, Paidós, 2008]

psicólogo conoce pocas cuestiones tan fascinantes como la relación existente entre la salud y la filosofía, y en caso de caer enfermo él mismo aporta a su enfermedad toda su curiosidad científica. Pues, si uno es una persona, necesariamente tiene también la filosofía de su persona: hay en esto, empero, una gran diferencia. En algunos, lo que filosofa, son sus defectos, en otros sus riquezas y sus fuerzas. Aquellos *necesitan* su filosofía, como sostén, calmante, medicina, redención, edificación, enajenación de sí mismos: para estos la filosofía es tan sólo un hermoso lujo, en el mejor de los casos la voluptuosidad de una gratitud triunfante que finalmente debe inscribirse con mayúsculas cósmicas en el firmamento de los conceptos. En el otro caso, el más corriente, en que filosofan las miserias y los apremios, como ocurre con todos los pensadores enfermos -y los pensadores enfermos predominan a menudo en la historia de la filosofía-: ¿que será del pensamiento sometido a la presión de la enfermedad? [...] Tras tal auto-interrogación y auto-tentación, se aprende a fijar una mirada más penetrante en cuanto se lleva filosofado sobre la tierra hasta el día presente; uno adivina mejor que antes los voluntarios desvíos, callejuelas, posadas soleadas del pensamiento a la que los pensadores que sufren son conducidos y seducidos precisamente por su sufrimiento, se saben adónde el *cuerpo* enfermo y su necesidad empujan, arrastran y atraen inconscientemente al espíritu [...] El disfraz inconsciente de las necesidades fisiológicas bajo el manto de lo objetivo, lo ideal, lo puramente espiritual se practica en una escala aterradora – y muchas veces me he preguntado si la filosofía en términos generales no ha sido una mera interpretación del cuerpo y un *malentendido del cuerpo*. [...] Espero todavía que un médico filósofo, en el sentido excepcional de la palabra – uno al que incumba dilucidar el problema de la salud colectiva de pueblo, época, raza y humanidad – tendrá algún día la valentía de llevar al extremo mi sospecha y aventurar la tesis de que en todo el filosofar nunca se ha tratado de la “verdad”, sino de algo muy diferente, digamos, de salud, crecimiento, poder, vida...³

Textos 4 e 5:

E foi necesario que todos me perdédeses de vista para que, cara a vós, eu volva con outra mirada. E, certamente, o máis pesado foi clausurar, por amor, os meus beizos. Fechar esa boca que quere sempre fluír.

Mais, sen esta retirada, nunca lembraríaes que existe algo que ten outra lingua que a vosa. Que dende a súa prisión, algunha demandaba volver ao aire. Que as vosas palabras razoan tanto mellor canto que unha voz está aí présa. Amplificando as vosas verbas nunha resonancia sen fin.

Eu era a vosa resonancia.

Tímpano, non era máis que o da vosa orella enviándose a ela mesma a súa propia verdade.⁴

Eu xa non son a vosa dobre – fiel. A porta-voz das vosas alegrías e das vosas dores, dos vosos medos e resentimentos. Ese espello que vos fixerades, o afundín nas augas do esquecemento – iso ao que vos chamades vida. E máis lonxe dese punto onde comezades a ser, volvín. Enxugada das vosas máscaras e maquillaxes, lavada das vosas proxeccións e debuxos de cores diversas, espida dos vosos velos e dos revestimentos que esconden a vergonza do voso estar espidos.⁵

Texto 6:

E se o pracer para ti é o retorno do mesmo, e que todo volva “unha vez máis”, é dicir “a sempre xamais”. E que dese xeito nada se perda do máis alto soño ou da máis grande dor. Se che fai falta que o amor e o odio fiquen prendados o un do outro, e que o un non acaeza sen o outro. Se o teu pracer non pode despegarse do sufrimento e o extremo límite do teu xenio é ir ao máis profundo do máis profundo da carne, esa mordedura que esperta a túa vixilancia a media noite, si, déixame marchar fóra da túa sombra.

Pois, para min, non é así a noite. E para nada fai falta que completes o teu día sacándome do sono.

3 Nietzsche, F.: *La Gaya ciencia*. Madrid, Akal, 1988; pp. 29, 31-32

4 Irigaray, L.: *Amante marine de Friedrich Nietzsche*. Paris, Minuit, 1980, p. 9.

5 *Op. cit.*; p. 10.

Pois o sono, para min non é desaparición. E a cada hora [*heure*]bástalle co seu sino [*heur*]. E non me gusta que se repitan, nin pasen a unha na outra segundo a órbita do teu único sol. Que o teu querer sexa sempre polo menos dúas veces unha vez, e logo o mesmo. E para que así suceda, que todo se volva o que ti es. Que, para a túa eternidade, todo xire sempre en redondo, e que nese anel eu permaneza – a túa presa.

Pois cada hora gústame na súa primeira e única vez.

E cando todo volve a empezar, eu xa marchei a outro lugar. Enteira quérome a cada instante, e cada instante enteiro. E o que repite para que volva o tempo, esta xa separado do tempo.⁶

Texto 7:

Mais acaso non é ese o teu xogo: reconducir incesantemente o afora ao dentro? E que o único afora sexa aquel que ti arroxaras? O meu berro non será pois máis que o signo do teu recordo.

Pero non queres xa volver en ti. Unha vez dentro, volverás vomitarme. E eu prefiro explorar o fondo dos mares que esas idas e voltas no teu presente.

[...]

Pasar de longo, non é o camiño a tomar cando o amor toma ese camiño? E este adeus, non é aínda un signo de amor? Reabrindo o teu horizonte para un por vir máis ao lonxe.⁷

Texto 8:

E non necesito xirar en redondo para volver ao mesmo nin entrar na eternidade.

Pois son a mesma desde sempre e, ao mesmo tempo, sempre diferente. E así vou e veño, cambio e permanezo, continuo e volvo, sen ningún círculo. Despregada e aberta neste devir sen fin.

E sen que ningún sentido me leve sobre outro, e que poida querer un máis que o outro. Pois eles non se separan. O que non quere dicir que se confundan.⁸

Texto 9:

Empolicado sobre toda as cimas, eremita, funámbulo ou paxaro, ti non habitas nunca as grandes profundidades. E por compañeiros nunca tes especie ningunha de animal submariño. Camelo, serpente, león, aguia, e pombas, monos e asnos e... Si. Pero nada que se mova nas augas. Por que querer sempre patas, ou alas? E xamais ouvidos?

E que digas: o superhome é a mar no que se perde o voso desprezo, sexa. Ese querer máis ancho có do home. Pero nunca dis: o superhome viviu na mar. De aí ven a súa supervivencia.

Sempre é calor, seca e dureza o teu mundo. E sobrepasar, para ti, implica sempre unha ponte.

E é verdadeiramente no home no que temes recaer? Ou máis ben na mar?⁹

Texto 10:

E para dicir o sentido o da terra, tiñas necesidade de esgotar todas as súas reservas? O reino do superhome advirá acaso cando o conxunto da terra se volva discursos sublimes e non subsista dela máis que o seu eloxio como memoria de aparecidos?

Se ser corpo por enteiro e nada máis, quere dicir tomarlle a outra o seu corpo, garda a túa alma, home vello! Segue xogando coa túa razón, o teu espírito, as túas crenzas. É unha paz relativa para a terra cando non te ocupas do corpo. Pois renace en ti esta cuestión: “onde está o meu corpo?” non volves a cavar naquela que o garda dende sempre para ti?,

E non lle roubarás outra vez o que ela ía cantar desa memoria? Aliviaraslle un peso ou fozarás nela até arrincarlle todas as capas vivintes? E como has de coñecer a diferenza se, na túa alma, desaparecen os límites do teu corpo?

[...]

Así pasas a túa derradeira hora – tentando destruír o que non alcanzaches a vivir. E o furor do teu

6 *Op. cit.*; p. 16.

7 *Op. cit.*; p. 19.

8 *Op. cit.*; p. 20.

9 *Op. cit.*; p. 19.

desprezo é a medida da túa cobiza.

Pero como eu non cheguei a madurar, quero aínda vivir.

E se a túa hora remata onde comeza a miña, non é ese o meu pracer. Pois eu quero a partición alí onde ti queres o todo.¹⁰

Texto 11:

Escribir que “dende a orixe, nada é máis alleo [*étranger*], contrario, hostil á muller que a verdade”, e, de seguida, que “o seu arte é a mentira, a súa grande causa o parecer e a beleza” (*Par-delà bien et mal*, 232), non é volver a dicir o mesmo, ou case, pois na repetición esqueceuse unha palabra: alleo [*étranger*].

A mentira e aínda menos o parecer e a beleza non son “alleos” á verdade. Sonlle propios, próximos ao accesorio e mesmo ao inverso. E o oposto fica preso no mesmo. Sostén a economía – ou economía. Soporta, no reverso, as súas representacións. Alleo, el, fai signos cara a un afora. Pero foi *esquecido*.

A mímese non se deixa así exceder. Sobre todo pola “muller” - dobre. A súa única función é acompañar o movemento, imitándoo ben ou mal, pero deixándoo despregarse, sen o deformar. Pola “feminidade”, logo, menos que por nada.

Pero, a muller? Non se reduce a feminidade. Nin á mentira, nin ao parecer, nin á beleza. A non ser que “fique en si mesma” (*Idem.*, 232) e que proxecte “a distancia” ese outro si mesmo ao que a verdade é, dende a orixe, hostil: a mentira, e a beleza e o parecer ... Aínda que ela a/os recollera nas súas formas, non podía pasar sen iso, para facerse aquilo polo que é: a verdade.

Esta operación será tamén prestada á muller. Ou a feminidade? [...] ¹¹

Texto 12:

Baixo a economía xeral da verdade – e, polo tanto, tamén da aparencia, do simulacro, do suspenso entre, mesmo desa reserva: o indecibél – a muller é aínda profunda. Que ela servira, e sirva aínda agora, de espello en todos os xéneros non resolve ese resto; ademais, profundo. [...]

Que ela fora así travestida volvía a ser un poñer todo en marcha para a constituír como afora. A outra afora.

Agora ben, a/unha muller non é unha. E ese xeito de redución do afora marca o límite do cuestión. Non idéntica a si, a/unha muller non responde a *unha* cuestión. A cuestión que lle sería apropiada permanece sempre e aínda agora informúlábel, quereríamos aplicarnos nesa cuestión.

Renunciando cando menos a todos os principios? Pero iso sería aínda xacer no seu xogo, contra o que fixaron os dereitos do mesmo. Mellor sería conservalos, para entrever aquilo que non sería doutro xénero. Cuxa profundidade só pode representarse baixo a forma do erro e da aparencia. Sendo aínda ese error unha propiedade do ser. Unha representación do outro como devir e cambio perpetuos – errares. Ou mellor, errancias. De non ter lugar no tempo da esencia, o durábel, a identidade a si, a outra erra: reverso dos mesmos.¹²

Texto 13:

Caídos todos os envoltorios de valores propios, habería que reconsiderar como podería sub-sistir o darse – entre os sexos. Pois o intercambio en curso non é quizais máis que un simulacro ao interior do mesmo, unha pasaxe do mesmo ao mesmo. De aí a necesidade de disfraces: corte entre un e outro -pero do mesmo – que non poderían entrar en relacións sen travestismos. Por suplemento de disimulación: facerllos levar a muller. Reducir a iso o feminino.

A feminidade préstase a iso: toma en préstamo todo o que se lle atribúe, o que se lle impón. Non é nada máis que un lugar de substitución entre? Suplencia, tampa ou tela vacante para producións e

10 *Op. cit.*; p. 25.

11 *Op. cit.*; p. 83.

12 *Op. cit.*; p. 95.

reproducións [...] ¹³

Texto 14:

Un *quantum* de fuerza es justo un tal *quantum* de pulsión, de actividad, de voluntad [...] y si puede parecer otra cosa, ello se debe tan sólo a la seducción del lenguaje (y de los errores tradicionales de la razón petrificados en el lenguaje), el cual entiende y malentiende que todo hacer está condicionado por un agente, por un “sujeto”. [...] Pero tal sustrato no existe; no hay ningún ser detrás del hacer, del actuar, del devenir; el “agente” ha sido ficticiamente añadido al hacer, el hacer es todo. ¹⁴

Texto 15:

Non debe considerarse o xénero como unha identidade estábel ou como o lugar onde radica a capacidade de acción e deliberación [*agency*] e do que emanan os diversos actos; senón, máis ben, como unha identidade debilmente constituída no tempo, instituída no espazo externo a través dunha *repetición estilizada de actos*. O efecto de xénero prodúcese mediante unha estilización do corpo e, polo tanto, debe entenderse como o xeito trivial no que movementos, xestos e estilos corporais variados establecen a ilusión dun eu cun xénero permanente. Esa formulación despraza a concepción do xénero dende un modelo baseado na identidade substancial a outro no que o xénero se concibe como *temporalidade socialmente constituída*. Se o xénero se institúe a través de actos que son internamente descontinuos, entón a *aparencia de substancia* é precisamente iso, unha identidade construída, unha realización performativa na que de xeito trivial a audiencia social, incluídos os propios actores, chega a crer e actúa respecto a ela segundo o modo da crenza. O xénero é tamén unha norma que nunca pode ser interiorizada; “o interno” é unha superficie de significación e as normas de xénero son en último termo fantasmáticas, imposíbeis de incorporar. Se o fundamento da identidade de xénero é a repetición estilizada de certos actos ao longo do tempo e non unha identidade aparentemente inconsútil, entón a metáfora espacial do “fundamento” debe ser desprazada e desvelada como unha configuración estilizada, de feito, unha corporalización do tempo xenericamente marcada. O eu cun xénero permanente aparecerá entón estruturado por actos reiterados que buscan aproximarse ao ideal dun fundamento substancial da identidade, pero que na súa ocasional *descontinuidade* revelan o desfundamento continxente e temporal dese “fundamento”. As posibilidades de transformación do xénero atópanse precisamente na relación arbitraria entre ese actos, na posibilidade dun fallo ao repetir, dunha de-formidade, ou dunha repetición paródica que expoña o fantasmático efecto da identidade permanente como unha fráxil construción política. ¹⁵

Texto 16:

O corpo *posto* [*posited*] como algo previo ao signo é sempre *posto* ou significado como previo. A significación produce como *efecto* do seu procedemento o corpo que, non obstante e simultaneamente, afirma descubrir como algo que *precede* a súa propia acción. Se o corpo significado como previo á significación é un efecto da significación, entón o carácter mimético e representacional da linguaxe, que afirma que os signos seguen aos corpos como os seus espellos necesarios, non é en absoluto mimético. Ao contrario, é produtivo, constitutivo, podería mesmo dicirse performativo, na medida en que este acto de significación delimita os contornos dese corpo que logo di atopar antes da significación. ¹⁶

Texto 17:

A construción [do suxeito, corpo sexuado] non só ten lugar no tempo; é un proceso temporal que opera a través da reiteración das normas. No curso desa reiteración prodúcese o sexo e á vez desestabilízase. Como o efecto sedimentado dunha practica reiterativa ou ritual, o sexo adquire o

13 *Op. cit.*; p. 119.

14 Nietzsche, F.: *La genealogía de la moral*. *Op. cit.*; pp. 51-52.

15 Butler, J.: *Gender Troubles: Feminism and the Subversion of Identity*. New York, Routledge, 1990; pp. 140-141.

16 Butler, J.: *Bodies that Matter: On the Discursive Limits of “Sex”*. NY, Routledge, 1993; p. 6.

seu efecto naturalizado e, no entanto, é por virtude desa reiteración que se abren ocos e fisuras ao xeito de inestabilidades constitutivas desa construción, como o que escapa ou excede á norma, como o que non pode ser completamente fixado ou definido pola labor repetitiva da norma. Esa inestabilidade é a posibilidade destituínte do propio proceso de repetición, o poder que desfai os mesmos efectos polos que o “sexo” se estabiliza, a posibilidade de levar á consolidación das normas do “sexo” a unha crise potencialmente produtiva.¹⁷

Texto 18:

La rebelión de los esclavos en la moral comienza cuando el *resentimiento* mismo se vuelve creador y engendra valores: el resentimiento de aquellos seres a quienes les está vedada la auténtica reacción, la reacción de la acción, y que se desquitan únicamente con una venganza imaginaria. Mientras que toda moral noble nace de un triunfante sí dicho a sí mismo, la moral de los esclavos dice no, ya de antemano, a un “fuera”, a un “otro”, a un “no-yo”; y ese no es lo que constituye su acción creadora.¹⁸

Texto 19:

Que nos permite ocupar o espazo discursivo da inxuria? De que xeito nos move e nos impele ese espazo discursivo e a súa inxuria, até o punto de que o noso apego a el convertese en condición da resignificación? Ao chamarme cun nome inxurioso, accedo á existencia social; e como estou inevitabelmente apegada a miña existencia, como certo narcisismo se agarra a calquera termo que confira existencia, véxome levada a abrazar os termos que me feren, porque me constitúen socialmente. A traxectoria auto-colonizadora de certas formas de política identitaria son sintomáticas deste paradoxal abrazarse ao termo inxurioso. E inda é máis paradoxal que só ocupando –sendo ocupado por– o temo inxurioso podo opoñerme a el e resistir. Nese senso ten o seu lugar a psicanálise; posto que calquera mobilización contra a suxeición tomará devandita suxeición como recurso, e o apego á interpelación inxuriosa tornarase, polo camiño dun narcisismo necesariamente alienado, na condición baixo a cal esa interpelación poderá resignificarse. Isto non é un afora inconsciente do poder, senón algo así como un inconsciente do poder na súa iterabilidade produtiva e traumática.

Se entendemos entón que certas interpelacións confiren identidade, esas interpelacións inxuriosas constituirán identidade mediante a inxuria; o que non supón que esa identidade ha de ficar para sempre arraigada na inxuria, mentres permaneza como identidade; senón que as posibilidades de resignificación desaxustarán e reelaborarán o apego apaixonado á subxección sen o que a formación –e a re-formación– do suxeito non podería levarse a cabo.¹⁹

Texto 20:

Yo diría que el deseo de resituar a Nietzsche dentro del ámbito de lo ético es un intento de contrarrestar la caricatura, tan extendida dentro de la crítica contemporánea, que lo muestra como alguien que se limita a destruir el ámbito de los valores (donde la destrucción no es ella misma una fuente de valor, o un valor en sí misma). En su lugar, quisiera sugerir que Nietzsche nos ofrece percepciones políticas sobre la formación de la psique y el problema de la sujeción, entendida ésta, paradójicamente, no sólo como la subordinación del sujeto a una norma, sino como la constitución del sujeto precisamente a través de la subordinación. Si la mal conciencia implica volverse contra una misma, un cuerpo en repliegue sobre sí mismo, ¿cómo sirve esta figura a la regulación social del sujeto y cómo podemos explicar ese sometimiento más fundamental sin el cual ningún sujeto propiamente dicho puede emerger? Propongo que, aunque la ligazón reflexiva, esa postura del yo doblado contra sí mismo, no llega nunca a deshacerse del todo, una desregulación apasionada del sujeto podría quizás provocar un tenue desenlace de ese nudo constitutivo. Lo que emergería en ese caso no sería una voluntad sin trabas, o un “más allá” del poder, sino un nuevo camino para el

17 *Op. cit.*; p. xix.

18 *La genealogía de la moral*; p. 43.

19 Butler, J. *Excitable Speech*. NY, Routledge, 1997; pp. 104-105.

elemento más formativo que sería, simultáneamente, la condición de su violencia contra sí mismo, su estatuto de ficción necesaria y el asiento de sus posibilidades habilitadoras. En mi opinión, esta “voluntad” refundida no sería, en sentido estricto, la voluntad de un sujeto, ni tampoco un efecto completamente cultivado por y a través de las normas sociales, sino un lugar donde lo social involucraría a lo psíquico en su misma formación -o, para ser más precisos, en calidad de su misma formación o formatividad.”²⁰

Texto 21:

Una evaluación crítica de de la formación del sujeto podría ayudarnos a entender mejor los callejones sin salida a los que a veces nos conducen los esfuerzos de emancipación pero sin por ello invalidar lo político. ¿Podemos afirmar que la complicidad es la base de la potencia política y aun así insistir en que ésta puede hacer algo más que reiterar las condiciones de subordinación? [...] ¿Se pueden extraer consecuencias políticas y psíquicas de esta ambivalencia fundacional? La paradoja temporal del sujeto es tal que forzosamente debemos abandonar la perspectiva de un sujeto ya formado para poder dar cuenta de nuestro propio devenir. Ese “devenir” no es un asunto sencillo ni continuo, sino una práctica incómoda de repetición, llena de riesgos, impuesta pero incompleta, fluctuando en el horizonte del ser social.²¹

OUTRA BIBLIOGRAFÍA DE INTERESE:

Brown, W.: “Política sin barandillas: política genealógica en Nietzsche y Foucault”, “La democracia contra sí misma: el desafío de Nietzsche”, en *La política fuera de la historia*. Madrid, Enclave, 2014.

Burgard, P. (ed.) *Nietzsche and the Feminine*. University of Virginia press, 1994.

Burgos, E.: “Afirmando las diferencias: el feminismo de Nietzsche”, en *Asparkia*, nº 11, 2000.

Cano, Germán *Nietzsche y la crítica de la modernidad*. Valencia, Pre-textos, 2002.

Grosz, E. *Time Travels*. Duke University Press, 2005.

Farrell Krell, David *Infectious Nietzsche*. Indiana University Press, 1996.

Lemm, V.: *Nietzsche y el pensamiento político contemporáneo*. Santiago, FCE, 2013.

Nietzsche Animal Philosophy. Fordham University Press, 2009.

Oliver, K., Pearsall, M. (eds): *Feminist interpretations of Nietzsche*. Pennsylvania Universtiy press, 1998.

Ronell, A.: *Pulsión de prueba. La filosofía puesta a examen*. Buenos aires, Interzona, 2008.

20 Butler, J. *Mecanismos psíquicos del poder. Teorías de la sujeción*. Valencia, Cátedra, 1997; p. 78

21 *Op. cit.*; p. 41.